



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLÚIDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS VINCULADAS AO PRESENTE CONVENIO.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura e Turismo, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, Sr. D. Julián Barrio Barrio, actuando en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que conforme o artigo 4º do *"Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa"*, formalizado polo "Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia" asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.



Julián



Terceiro: Que a Consellería de Cultura e Turismo, dentro dos ámbitos da súa competencia, ten establecido un plan de investimentos a realizar co obxecto de conservar, restaurar e poñer en valor o patrimonio cultural de Galicia, colaborando así cos seus propietarios e xestores, que se comprometen a poñer a disposición da sociedade o seu patrimonio cultural e a mantelo e a utilizalo de forma axeitada para garantir a conservación dos valores culturais que xustificaron a súa protección.

Cuarto: Que a Igrexa Católica é a titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a tenor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia recoñece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o uso relixioso dos mesmos que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

Quinto: Que a Diocese de Santiago de Compostela ten a facultade de poñer a disposición da Consellería de Cultura e Turismo os bens culturais que se relacionan no Anexo de Intervencións que acompaña ao presente convenio. Entre estes bens pódense atopar edificios, retablos, pinturas murais e outros bens artísticos de natureza inmovible, posuidores de valor cultural e protexidos ao seren considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio de colaboración é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo, e a Diocese de Santiago de Compostela para a **posta a disposición dos terreos e inmoables necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmoables eclesiásticos incluídos no anexo de intervencións vinculadas ao presente convenio.**

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrencia pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos inmoables incluídos nos listado de actuacións do presente convenio podería afectar aos elementos construtivos, estruturais ou funcionais dos inmoables ou as decoracións, policromías, capas de preparación ou soporte e estruturas dos bens artísticos, polo que é necesario a realización das actuacións descritas no anexo de intervencións e así evitar a perda destes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia. Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo *Conservar o patrimonio cultural galego*, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.





No Anexo de Intervencións que forma parte do presente convenio recóllese de forma ordenada a relación de inmobles sobre os que se ten previsto actuar, identificándoos e indicando para cada un deles o seu réxime de protección e o obxecto da actuación que se pretende desenvolver, así como os datos representativos do proxecto de restauración e obras para as que se acorda a posta a disposición dos terreos e inmobles.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura e Turismo.

A Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións relacionadas no Anexo de Intervencións do presente Convenio, ou das sucesivas addendas, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das súas disposicións económicas e mediante a tramitación dos instrumentos xurídicos oportunos.

A Consellería de Cultura e Turismo, conforme á lexislación de aplicación e á tramitación e procedementos establecidos para a contratación polas administracións públicas, supervisará e aprobará os proxectos e contratará as obras e servizos relacionados no Anexo de Intervencións do presente convenio.

A Consellería de Cultura e Turismo a través dos seus servizos técnicos e dos profesionais alleos contratados para realizar a dirección facultativa dos traballos, realizará o seguimento das obras e o control económico e técnico das mesmas.

A relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van a ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do presente convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao presente convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do mesmo.

Para aqueles inmobles que se retiren do Anexo de Intervencións, a posta a disposición de terreos e inmobles necesarios para a execución da obra realizada polo titular do ben a favor da Consellería de Cultura e Turismo quedará sen efecto, non asumindo por isto a consellería ningún outro compromiso ou responsabilidade ante o propietario.

Terceira.- Obrigas da Diocese de Santiago de Compostela

Pola súa banda, a Diocese de Santiago de Compostela comprométese a autorizar a plena e libre disposición dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura e Turismo para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio.

Unha vez rematadas as obras, a entidade titular asumirá a xestión, mantemento e conservación dos inmobles dos que sexa titular. Para estes efectos, unha vez recibidas as obras pola Consellería de Cultura e





Turismo, poñerá no seu coñecemento, entendéndose que a citada comunicación determina o nacemento das obrigas previstas nesta cláusula.

Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata a completa finalización das obras a realizar sobre os inmobles obxecto da posta a disposición. En calquera caso, a duración do presente convenio será determinada e non superior aos catro anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior, de acordo co artigo 49.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



Juliana



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura e Turismo,



Román Rodríguez González

O arcebispo da Diocese de
Santiago de Compostela

Julián Barrio Barrio



ANEXO 1 DE ACTUACIÓN VINCULADAS AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A DIOCESE DE SANTIAGO

BEN: Capela do Carme de Muros
SITUACIÓN: rúa do Carme, 15250 Muros (A Coruña)
PROTECCIÓN: O inmovible e os retablos laterais da capela están protexidos polo seu valor cultural ao estar incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016).

ACTUACIÓN: 2ª Fase de restauración dos retablos de san Marcos e de san Xerome e imaxes de san Marcos, san Xerome e santo Antón da capela do Carme en Muros (exp. SAE: 2018/126)	
INVERSIÓN ESTIMADA: 31.944,00 € (IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN: 3 meses

DESCRICIÓN:
Trátase de retablos de estilo barroco e cronoloxicamente podémolos datar no século XVIII. Son retablos xemelgos e presentan unha policromía rica en dourados á auga e marmoreados de gran riqueza cromática. Están constituídos por un so corpo principal decorado con columnas de fuste liso rematadas con capiteis de estilo corintio, teñen unha soa fornella central que ocupa toda a zona central e está rematada por unha cúpula de cuarto de esfera decorada interiormente por unha decoración en forma de cuncha de vieira. Están realizados en madeira tallada con ensambles de madeira e cravos de ferro. A preparación da policromía parece estar feita a base de sulfato cálcico e cola animal

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Os bens presentan un estado de conservación extremadamente malo debido a que por problemas na cuberta a auga da chuvia caeu durante moito tempo sobre eles provocando a inchazón e deterioro da madeira e cuantiosas perdas na súa policromía, chegando a perderse numerosos elementos escultóricos dos retablos. Estes problemas na cuberta foron subsanados nunha obra promovida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) no ano 2014. O 23.04.2015 os Servizos Técnicos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais fixeron unha visita co obxecto de comprobar o estado de conservación dos retablos e informaron o seguinte:

"A revisión ocular no ámbito que alcanza a vista os retablos amosan un deterioro considerable do soporte líneo por motivo do gran aporte de humidade proveniente do mal estado da cuberta (actualmente en reparación), con presenza de podremia na zona inferior dos retablos e mesados, estes últimos practicamente inexistentes, conservándose soamente a metade superior do mesado do retablo esquerdo e algunhas pezas do dereito. Debido ao alto deterioro que presenta o soporte, o retablo presenta cuantiosos desprendementos da capa pictórica, así como perda de volumes escultóricos. A estrutura esta irremediabilmente danada polo que non realiza ningunha función de suxeición, por este motivo se observa un derrube cara a atrás que pon en perigo a súa integridade. Actualmente as imaxes de San Marcos, San Xerome e San Antonio, así como diversas pezas do retablo lateral dereito, atópanse custodiadas polo párroco para evitar un maior deterioro das mesmas debido as malas condicións nas que se atopa o templo."

Debido á gran presenza de humidade no soporte líneo considerouse conveniente non desmontar os retablos nin trasladalos da súa localización orixinal debido a que unha desecación repentina do soporte podería provocar unha rápida contracción deste orixinando o desprendemento e perda total da policromía. Por este motivo os retablos permaneceron no seu lugar en tanto os muros da capela foron perdendo a humidade acumulada, para que deste modo a perda de humidade fose paulatina.



O 19.04.2017 o párroco don Alfonso Mera Nogueiras, en representación da parroquia de Muros san Pedro, solicitou autorización para executar a primeira fase de restauración dos retablos laterais, achegando un proxecto asinado por unha empresa de restauración e resolto favorablemente pola DXPC o día 4.05.2017. A proposta de restauración consistiu de xeito resumido en: limpeza da sucidade superficial e do reverso dos retablos con brocha e aspirador a medida que se vaia fixando a policromía, fixación da policromía e capa de preparación con cola de coello e auga desionizada con fenol, empapelado das zonas máis deterioradas con cola de coello e papel xaponés, pre-consolidación das pezas máis fráxiles con Paraloid B-72 e xileno, desmonte do retablo e etiquetado das pezas cun código que indique o lugar de procedencia, mapeado de pezas e desinsectación con Xylazel Total.

En relación ás condicións ambientais que presenta o templo, sería preciso avaliar as condicións de humidade e temperatura co fin de realizar unha comparativa coas condicións anteriores mediante recollida de datos durante un período de tempo prolongado cun instrumental axeitado para tal fin (Datalogger).

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Revisión do estado da fixación da capa pictórica efectuada na 1ª fase.
- Revisión e no seu caso limpeza superficial e eliminación de fungos da madeira xa realizada na 1ª fase.
- Revisión da limpeza e da desinsectación da zona posterior dos retablos realizada na 1ª fase
- Finalización da consolidación do soporte comenzada na 1ª fase
- Substitución daquelas partes da estrutura irremediabilmente danadas pola podremia.
- Illamento dos retablos respecto do muro e mesado de pedra.
- Montaxe dos retablos e ancoraxe ao muro.
- Recolocación no seu lugar orixinal das diversas pezas dos retablos custodiadas polo párroco.
- Reconstrución dos volumes inexistentes por imitación (retablos xemelgos), so naqueles casos que resulten imprescindibles para a correcta lectura do conxunto .
- Limpeza físico-química da policromía
- Estucado e reintegración cromática de lagoas da capa pictórica.
- Reconstrución da parte faltante do frontal de altar do retablo de san Marcos da zona do Evanxeo (esquerda) con madeira de castiñeiro segundo a súa estrutura básica.
- Reprodución do frontal de altar do retablo de san Xerome da zona da Epístola (dereita) con madeira de castiñeiro collendo como modelo o retablo da zona do Evanxeo.
- Vernizado final.
- Restauración das imaxes de san Marcos, san Xerome, santo Antón e diversas pezas dos retablos actualmente custodiadas polo párroco.





BEN: Igrexa de Guimarei

SITUACIÓN: San Xiao, Guimarei, A Estrada (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O inmovible denominado igrexa de Guimarei (parroquial de san Xiao) está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido coa referencia AR-48 no catálogo do PXOM da Estrada aprobado o 3.06.2013 (BOP 6.09.2013).

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior da igrexa de san Xiao de Guimarei (exp. 2018/136)

INVERSIÓN ESTIMADA: 55.000,00 € (IVE incluído)

PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

A igrexa parroquial de san Xiao de Guimarei comenzo a construírse o 21.03.1708 polo mestre de cantería Andrés de Fontañá. Sobre a porta lateral norte pode lerse "M.D.CCIX" e no lado leste hai unha inscrición na que se pode distinguir "ANNO DOMINI M.D.CCCLX", así como escudos do marqués de Guimarei, o cal fixera a primitiva igrexa no lugar de Torrevella.

Como moitas das igrexas da contorna atópase localizada sobre un podio que a separa do plano de chegada. O acceso faise a través dunha escaleira que se articula co muro de peche rematado cuns machóns moi singulares. De estrutura e características barrocas, a igrexa está conformada por dous volumes principais en planta e un elemento singular que fai de campanario.

A última intervención no inmovible, documentada no arquivo da SXCRBBCC, data de 2004 e consistiu na reparación e estabilización da fábrica de granito da torre do campanario, substitución da cuberta da nave principal e revisión das naves laterais, picado e reposición de morteiros dos revestimentos interiores da nave principal, limpeza das fábricas, picado e rexuntado e posterior pintado dos encintados, revisión e substitución dos elementos de carpintería e ferraxería, realización de drenaxes perimetrais e reparación e substitución dos paramentos exteriores das fachadas das naves laterais.

O retablo maior é de estilo barroco, as súas dimensións son 5,55 m de ancho por 5,55 m de alto. Presenta un corpo principal dividido en tres rúas por pares de columnas salomónicas ricamente decoradas con follas de vide e acios de uvas. Na rúa central atópase o sagrario no interior dun baldaquino composto por columnas salomónicas sobre o que hai un camarín en cuxo interior está a imaxe do Neno Xesús. A rúa lateral esquerda do retablo alberga a imaxe do Sagrado Corazón e a dereita unha imaxe da Virxe.

O ático de estrutura semicircular, está dividido en tres rúas por columnas salomónicas, na fornella central aparece a imaxe de san Xiao e nas laterais as imaxes de dous santos aos que non se puido identificar.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

Comprobouse a presenza dun ataque de termo na zona do mesado, no capitel da columna lateral esquerda do retablo, así como na zona dereita do ático onde se pode observar a presenza de espuma de poliuretano expandido que se aplicou recentemente nun intento de evitar a caída deste. O devandito ataque xa aparece reflectido nun proxecto elaborado o 7.06.2006 por unha empresa de restauración a petición da parroquia, sen que se poida constatar se está activo a día de hoxe e o alcance que tivo a nivel estrutural debido á imposibilidade de acceder á traseira do retablo sen realizar unha desmontaxe parcial. Por este motivo, a día de hoxe non se pode garantir a estabilidade do retablo pola imposibilidade de comprobar os danos causados na súa estrutura.

A policromía orixinal e as imaxes do retablo están cubertas por un groso repinte de pintura plástica que a oculta totalmente. As zonas do retablo douradas á auga están tamén cubertas por un repinte de pintura dourada que oculta o dourado orixinal.

A zona do ático está fixada ao muro por cinco barras de ferro que presentan oxidación na súa superficie.

No conxunto apréciase a instalación dun cableado eléctrico cuxa función puido ser a de iluminar o



Xacobeo 2021

Juliana



interior do camarín onde está aloxada a imaxe do Neno Xesús.

Pódese observar a seguinte patoloxía:

- ataque por insectos xilófagos, concretamente terme, que provoca posiblemente danos graves a nivel estrutural no retablo
- repinte de época actual que cobre a totalidade do retablo e das imaxes
- instalación dun cableado eléctrico na zona do corpo principal do retablo.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Sentado, protección (empapelado) da policromía e eliminación do cableado eléctrico.
- Desmontaxe do lateral dereito do ático co fin de acceder á traseira do retablo e comprobar o estado de conservación da estrutura. No caso de que o seu estado de conservación non garanta a estabilidade do retablo proceder á desmontaxe total deste co fin de reparar ou substituír os elementos de tipo estrutural que o precisen.
- Tratamento de desinsectación cun xel insecticida-funxicida mediante pulverización air-less e inxección a presión nas zonas do soporte de maior grosor.
- Consolidación do soporte.
- Reparación ou substitución de elementos estruturais que así o precisen.
- Illamento da zona de contacto entre o retablo e a pedra mediante lámina de neopreno.
- Montaxe do retablo e ancoraxe ao muro mediante platinas de aceiro inoxidable.
- Eliminación da capa de protección (empapelado) da policromía.
- Fixación da capa pictórica.
- Reintegración volumétrica.
- Realización das catas oportunas para valorar a existencia de policromías subxacentes co fin de decidir a procedencia ou non da retirada do repinte que cobre a totalidade do retablo e das imaxes.
- Limpeza da policromía e retirada de vernices oxidados que poidan escurecela.
- Tratamento de elementos metálicos.
- Nivelado das lagoas na policromía mediante estuco tradicional a base de cola orgánica, sulfato cálcico e un funxicida.
- Reintegración cromática.
- Protección final.

[Handwritten signature]





BEN: Igrexa de Berres

SITUACIÓN: A Igrexa, Berres, A Estrada (Pontevedra)

PROTECCIÓN: O inmovible denominado igrexa de Berres (parroquial de san Vincenzo) está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido coa referencia AR-20 no catálogo do PXOM da Estrada aprobado o 3.06.2013 (BOP 6.09.2013).

ACTUACIÓN: Restauración do retablo maior da igrexa de san Vincenzo de Berres (exp.: 2018/137)

INVERSIÓN ESTIMADA: 55.000,00 € (IVE incluído)

PRazo DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 4 meses

DESCRICIÓN:

O retablo maior da igrexa é de estilo barroco e as súas dimensións son 6 m. de ancho por 7 m. de alto. Aséntase sobre un sotobanco de madeira apoiado na súa zona central sobre un banco de pedra. Ten un corpo principal dividido en tres rúas delimitadas por catro piares de fuste cadrado con decoracións de acios, cintas, froitas e borlas. Cada un dos plintos onde se asentan as columnas presenta un querubín ao igual que nas peañas que sustentan as imaxes dentro de cada fornella.

A rúa central, de maiores dimensións que as laterais, alberga un baldaquino de dúas alturas, na zona inferior sitúase un sagrario-expositor, no interior do expositor achamos unha reliquia atribuída a san Vincenzo. A zona superior alberga a imaxe do Neno Xesús en actitude de bendicir. Na rúa lateral dereita do retablo atopamos a imaxe da Virxe entregando o Rosario a santo Domingo e na esquerda a imaxe de san Gregorio Magno. O ático apoia sobre un rico entaboamento quebrado e tamén aparece dividido en tres rúas separadas por pilastras e columnas.

A rúa central de maior tamaño acolle a imaxe de san Vincenzo, as rúas laterais están ocupadas por pequenas fornellas con imaxes dunha santa e un bispo, rematan os laterais do ático imaxes de anxos de pé.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

A última intervención no inmovible, documentada no arquivo da SXCRBBCC, é de 2006 e consistiu na reparación da cuberta co fin de evitar as filtracións de auga que estaban provocando danos no retablo barroco e que foi promovida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC).

Comprobouse a presenza dun ataque de terme, con evidencia de galerías na zona baixa do retablo e nos paneis dos fondos das fornellas. Descoñécese se o devandito ataque está activo na actualidade e a gravidade e alcance do mesmo no que concirne á estrutura do retablo ata contar cunha estada que facilite o acceso a toda superficie do retablo. Tendo en conta que o retablo está acaroado ao marco arquitectónico da cabeceira da igrexa resulta imposible o acceso á traseira do retablo co fin de avaliar o estado de conservación.

A policromía e dourados, tanto do retablo como das imaxes, presentan graves problemas de descohesión debido aos movementos do soporte causados polos cambios na humidade e temperatura no interior do templo, así coma polas filtracións de auga a través da cuberta que foron subsanadas na intervención de 2006. Unha parte considerable da policromía está levantada e a punto de caer e outra parte está desaparecida.

A excepción das zonas douradas con ouro fino á auga, os anxos, cabezas de querubíns e imaxes a totalidade da superficie do retablo presenta un repinte tosco baixo o cal se aprecia unha policromía rica en marmoreados de cores vivas. Tamén se observan redourados e purpurinas nas zonas baixas do retablo (templete e sotobanco).

Pódese observar a seguinte patoloxía:

ataque por insectos xilófagos, concretamente terme, provocando posiblemente danos graves a nivel estrutural no retablo





- repinte de época actual que cobre a totalidade do retablo a excepción das zonas douradas con ouro fino que son orixinais; as imaxes do retablo, anxos e cabezas de querubíns parecen conservar a súa policromía orixinal
- instalación dun cableado eléctrico na zona do corpo principal do retablo
- desprendementos do extracto pictórico.

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Sentado, protección (empapelado) da policromía e eliminación do cableado eléctrico.
- Desmontaxe do baldaquino situado na rúa central do corpo principal co fin de acceder ao fondo da fornela central para a súa desmontaxe e comprobar o estado de conservación da estrutura na medida do posible tendo en conta a pouca distancia do retablo ao muro. No caso de que o seu estado de conservación non garanta a estabilidade do retablo proceder á desmontaxe total deste co fin de reparar ou substituír os elementos de tipo estrutural que o precisen e realizar unha desinsectación profunda.
- Tratamento de desinsectación cun xel insecticida-funxicida mediante pulverización air-less e inxección a presión nas zonas do soporte de maior grosor.
- Consolidación do soporte
- Reparación ou substitución de elementos estruturais que así o precisen
- Illamento das zonas de apoio do retablo mediante lámina de neopreno e colocación no muro da cabeceira da igrexa dunha barreira plástica antitermes (termifilm).
- Montaxe do retablo e ancoraxe ao muro mediante platinas de aceiro inoxidable
- Eliminación da capa de protección da policromía (empapelado).
- Fixación da capa pictórica.
- Reintegración volumétrica.
- Eliminación de repintes e purpurinas.
- Limpeza da policromía e retirada de vernices oxidados que poidan escurecela.
- Tratamento de elementos metálicos.
- Nivelado das lagoas na policromía mediante estuco tradicional á base de cola orgánica, sulfato cálcico e un funxicida.
- Reintegración cromática.
- Protección final.

[Handwritten signature]





BEN: Igrexa de Sta. María. o. Lamas

SITUACIÓN: A Eirexe, Lamas, Boqueixón (A Coruña)

PROTECCIÓN: O inmovible denominado igrexa de Lamas (parroquial de santa María) está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido coa referencia AR-09 no catálogo do PXOM de Boqueixón aprobado o 06.02.2015 (BOP 25.02.2015).

ACTUACIÓN: Restauración da igrexa de Lamas (exp.: 2019/019)

INVERSIÓN ESTIMADA: 100.000,00 € (IVE incluído) | PRAZO DE EXECUCIÓN ESTIMADO: 15 meses

DESCRICIÓN:

Trátase dunha igrexa de estilo barroco iniciada nos primeiros anos do século XVIII, se ben o edificio sufriu modificacións no final dese século e a configuración actual responde ás remodelacións e reformas do XIX.

Ten planta de cruz latina de curtos brazos, cruceiro e presbiterio destacados na planta e en alzado. A súa fábrica de sillería de granito excelente, no exterior e sillería e mampostería misturadas no interior. A fachada é de esquinais en chafrán e cun xogo de dobres piastras de placas e pináculos abalaustrados. No interior a nave ten tramos con bóveda de lunetos sobre un entaboamento corrido apeado en placas e piares de placas; o cruceiro ten piares de placas e a cúpula vaída cega sobre pechinas; o presbiterio é de bóveda de arestas. As bóvedas interiores están policromadas.

XUSTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN:

As últimas intervencións no inmovible, documentadas no arquivo da SXCRBBCC, son de 2000-2001. Consistiron na restauración da cuberta e execución de revocaduras de cal exteriores co fin de evitar as filtracións de auga que estaban provocando danos no edificio. Foron promovidas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC). A parroquia promoveu a restauración de imaxes con posterioridade.

A día de hoxe a patoloxía derivada da presenza de humidade no interior do edificio é todavía notable – o edificio está situado nunha braña-, presenza notable de humidade e de colonización biolóxica nos muros exteriores e no interior (fundamentalmente nas pinturas murais e muros de sillería)

ACTUACIÓNS PROPOSTAS:

Para atallar as necesidades descritas acometeranse os traballos precisos que acaden o fin proposto. Estes traballos resúmense en:

- Redacción do PBE da intervención.
- Execución das obras previstas nese proxecto que comprenderán os traballos necesarios de conservación en limas, encontros de cubertas e muros, canlóns e baixantes e eliminación de humidades nos muros.
- Dirección facultativa destas obras



[Handwritten signature]

